

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 12 DE MAIO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 12 de maio de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 9 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2a, 2b, 4a, 4b, 5, 6 e 7)
D^a. Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 2c e 2d)
D^a. Marta R. Riobó Ibáñez, xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial (asiste aos puntos 2e e 4e)
D. Antonio Vivero Mijares, suplente do xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste aos puntos 9 e 10)
D. Ignacio Ojea Pérez, suplente da xefa do Servizo de Educación (asiste ao punto 11)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto das obras de "Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation EU) (expediente 1.200-441) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 5 de maio de 2022, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días á UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:45	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4A-CAD724-3EC533-LJL7E8-A8HM1C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Y ORECO BALGON, S.A. para que emendase a documentación persoal. O licitador presentou a documentación requirida o 6 de maio.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento á UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. Y ORECO BALGON, S.A. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 2. NAROM, S.L.
 3. ORECO BALGON, S.A.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (lotes 1 e 2)
 2. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (lotes 1 e 2)
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:45	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4A-CAD724-3EC533-LJL7E8-A8HM1C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. NURIA BALBOA RODRÍGUEZ (lotes 1 e 2): deberá presentar novamente o DEUC, tanto para o lote 1 como para o lote 2, cumprimentado polo terceiro (D. Francisco Fernández Novas) no que responda a todas os motivos de exclusión recollidos na parte III (faltaban por cubrir os motivos relacionados cos convenios con acredores e a rescisión anticipada) así como o Anexo III do terceiro asinado por el dixitalmente para o lote 1 (o presentado está asinado pola licitadora en lugar do terceiro).
2. PEDRO MURCIEGO DELGADO (lote 1): deberá presentar un novo Anexo II ao PCAP debidamente cumprimentado dado que no presentado non respondeu ao compromiso dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (9.191-335)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 1. EVENTOS CULTURAIS RETALLISTAS S.L.: Deberá presentar un novo DEUC coa parte III "Motivos de exclusión" debidamente cumprimentada e asinado dixitalmente, dado que no DEUC presentado non se respondeu á pregunta "¿Se encuentra el operador económico en quiebra?".
 2. SACAFERRO, S.L.: deberá aclarar se concorre a esta licitación con solvencia dun terceiro dado que non DEUC respondeu negativamente e no entanto achega un Anexo III cumprimentado e asinado por un terceiro que pon a súa solvencia á súa disposición.
No suposto de concorrer con solvencia dese terceiro deberá indicar esta circunstancia na parte II respondendo afirmativamente á pregunta "¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?".

e) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos dependentes de Patrimonio Histórico (10.480-307)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:45	Páxina 3 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4A-CAD724-3EC533-LJL7E8-A8HM1C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Outorgar un prazo de tres días a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar un novo DEUC coa parte III "Motivos de exclusión" debidamente cumprimentada e asinado dixitalmente, dado que no DEUC presentado non se respondeu á pregunta "¿Ha celebrado el operador económico un convenio con sus acreedores?"

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto das obras de "Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation EU) (expediente 1.200-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Tercio de Afora" (640-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de plans de emerxencia e autoprotección e coordinación de seguridade para eventos programados polo Servizo de Festas (9.174-335)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a dous dos licitadores para a emenda da documentación persoal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:45	Páxina 4 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4A-CAD724-3EC533-LJL7E8-A8HM1C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de apoio e asesoramento sobre a programación, organización e seguimento de actividades e espectáculos (9.191-335)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo aos dous licitadores para a emenda da documentación persoal.

e) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos dependentes de Patrimonio Histórico (10.480-307)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo ao licitador presentado para a emenda da documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polas enxeñeiras industriais do programa Next Generation UE da Área de Servizos Xerais, o técnico medio en Topografía da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 5 de maio de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Romil fase I" (976-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	818.305,78
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	858.865,28
3	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	832.000,00
4	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	909.488,42
5	NAROM, S.L.	917.010,74
6	OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	892.410,74
7	ORECO, S.A.U.	866.082,64



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:45	Páxina 5 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4A-CAD724-3EC533-LJL7E8-A8HM1C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Redución do prezo
8	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	793.095,86
9	TERRAQUA SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	894.528,92
10	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	832.537,18

Asisten á apertura D. Felipe Carrascosa Hernández con DNI **.09.54*, en representación de CIVISGLOBAL, S.L.U. e D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI 33.313.545T, en representación da Federación Gallega de la Construcción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal" (expediente 1.145-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 5 de maio de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CONSTRUCCIONES OREGA por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Extinción de Incendios o 6 de maio de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliábeil mediante fórmula" coa proposta de clasificación. A Mesa acepta o referido informe e acorda, por unanimidade, excluír do lote 2 deste procedemento a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. por exceder a súa oferta o orzamento base de licitación (motivo de exclusión previsto na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:45	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4A-CAD724-3EC533-LJL7E8-A8HM1C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

cláusula 14.2c do PCAP).

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 12 de maio de 2022, de PEYCAR PONTEVEDRA,S.L. no lote 2 deste procedemento por exceder a súa oferta o orzamento base de licitación (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2c do PCAP).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213) na seguinte orde descendente:

- Lote nº 1: compresores e ramplas de carga

Orde	Licitadores	Puntuación
1	AIRBOX, S.A.	100,00 puntos
2	SENSO INGENIERÍA E INSTALACIONES, S.L.	60,97 puntos

- Lote nº 2: 64 equipos autónomos de respiración (ERAS)

Orde	Licitadores	Puntuación
1	AIRBOX, S.A.	100,00 puntos

- Lote nº 3: 166 botellas de aire respirable que forman parte dos ERAS

Orde	Licitadores	Puntuación
1	SENSO INGENIERÍA E INSTALACIONES, S.L.	95,85 puntos



2	AIRBOX, S.A.	40,32 puntos
---	--------------	--------------

Terceiro.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, AIRBOX, S.A. (lotes 1 e 2) (A-08.950.685) e SENSO INGENIERÍA E INSTALACIONES, S.L. (lote 3) (B-70.250.055), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de marzo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Santa Marta-Casco Vello.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas (e anexos) de 27/12/2021 redactado polo Servizo de Educación, e o Prego de cláusulas administrativas particulares de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:45	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4A-CAD724-3EC533-LJL7E8-A8HM1C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

data 21/02/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Santa Marta-Casco Vello, por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.194.900,40 euros (149.362,55€ na anualidade de 2022; 298.725,10€ nas anualidades de 2023, 2024 e 2025; e 149.362,55€ na anualidade de 2026), importes exentos do IVE, para a contratación dos servizos para a xestión da Escola infantil municipal (EIM) Santa Marta-Casco Vello, por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.06 ("EIM Santa Marta-Casco Vello"), e bolsa de vinculación.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de maio de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	95,50
2	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	88,00
3	ANA NAYA GARCÍA, S.L.	66,88
4	CARACOLANDIA, S.L.	58,53

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., o día 5 de maio de 2022, que presenta a documentación requirida o 6 de maio, dentro do prazo concedido.



Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de maio de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 24 e 25 de abril de 2022 e 28 de abril de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109) o procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo máximo do contrato é de 1.194.900,40 euros (exento de IVE), cunha porcentaxe de desconto do 10% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3.G das FEC do PCAP.*



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- b) *Propón un incremento das horas de adicación do Servizo de orientación familiar (Equipo de atención temperá -EAT-) de 10 horas/semana.*
- c) *Propón a achega de materiais didácticos por importe de 5.000,54 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:55 logo dun receso de 50 minutos por mor de problemas técnicos coa plataforma de contratos do sector público. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 17:45	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4A-CAD724-3EC533-LJL7E8-A8HM1C-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		